

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O Nubeiro do Campo da Bidueira Vella

No Campo da Bidueira Vella, en Somede-Oleiros, Vilalba (Lugo) fixeron baixar das nubes ata o chan un nubeiro. Viña en pelotas e todo chamuscado do xofre que manexaba. Baixárono lendo no Ciprianillo e obrigárono a prometer non volver a facer dano antes de desler no libro para subilo outra vez.

O Ciprianillo tamén serve para atopar tesouros e outras maxias.

BIBLIOGRAFÍA

J. David Fernández Fraga □Memorias da parroquia de Somede-Oleiros□, en Caderno de Estudos Chairegos, 9 (2018).